



Concello de Vilasantar
(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)
www.vilasantar.com

Acta da sesión ordinaria
do pleno nº 09/15

Data 13-08-2015

Acta anterior 26-06-2015



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

Asistentes:

Alcalde

D. Fernando Pérez Fernández

Concelleiros presentes

D. Oscar Vázquez Corral

D. José David Pintor Pazo

D^a. María del Carmen Torreiro Cotos

D. Jesús Gómez García

D. José Emilio Mahía Neira

D^a Manuela García Freire

D. José Antonio Cotos Seoane

Non asisten

-D^a. Marta García Sánchez

Secretario

D. Afonso Bieito Lorenzo Penela.

Acta pleno 09/2015

Acta da sesión ordinaria celebrada polo pleno deste concello o día trece de agosto de dous mil quince.

Na casa do concello de Vilasantar, sendo as trece horas e oito minutos do día trece de agosto de dous mil quince, baixo a presidencia do sr. alcalde e coa asistencia dos concelleiros expresados na marxe, reúnese o pleno deste concello no local habilitado ao efecto na Casa do Concello. Hai tres cidadáns presentes en calidade de público aos que, a pouco de empezar a sesión, se unen dous máis.

Aberta a sesión de orde do Sr. presidente indica que esta sesión vai ser gravada. En consecuencia a referencia horaria do inicio de tratamento dos distintos puntos referirase ao tempo da gravadora.

A continuación pasouse ao estudio da orde do día, adoptándose sobre os asuntos contidos na mesma os seguintes acordos:

1.- Aprobación de actas anteriores (00h 00')

A continuación trátase o punto de aprobación das actas anteriores, estando dúas pendentes de aprobar.

A portavoz do BNG, Manuela García Freire, indica que o seu grupo non recibiu ningunha das actas, nin de pleno nin de xunta de goberno local, aínda que si a recibiron os anteriores concelleiros.

O alcalde abandona, momentaneamente a sesión para preguntar na oficina o que puido pasar, sendo as 01' 07, suspendéndose por tanto a sesión

Entrementres (e fóra de sesión), o secretario indica que xa están redactadas e entende que deberon ser remitidas pola oficina. A portavoz do BNG di que non ten ningún problema co correo (a petición dela mesma mándanselle as actas por correo electrónico) e que dende o 28-05-2015 non recibiu nada máis e o secretario que dende aquela mandáronse dúas actas de XGL e dúas de pleno, producíndose unha breve conversación para intentar aclarar o sucedido coas actas.

O alcalde volve ás 2'57" reanudándose a sesión, indicando cales foron as datas de remisión, sendo a primeira das que faltan remitida o 26-06-15, indicando Manuela García Freire que ela non a recibiu, producíndose un debate e indicando que si recibiu a seguinte. Proponse aprobar a acta anterior (08/15) deixando pendente a anterior a esta (09/15), propoñendo o secretario que lle parece mellor aprobalas por orde, acordándose finalmente deixalas pendentes para a próxima sesión.

2.- Control dos actos de goberno e Comprobación da recepción das actas da Xunta de Goberno Local.(05' 55")



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

Á vista da non recepción por todos os concelleiros das actas da sesión da Xunta de goberno local non se estuda este punto, deixándoo, tras un breve debate, pendente para a próxima sesión.

3.- Calendario laboral 2016 (07' 50")

A continuación o Sr. alcalde indica que hai que propor as festas locais para o vindeiro ano 2016, propondo non poñer o 29 de xuño, San Pedro, por coincidir en mércores e porque xa este ano, que coincidiu en luns, celebrouse realmente o domingo e pór as datas de martes de entroido e de 24 de xuño (San Xoán), venres. Indica que están abertos a calquera tipo de proposta da oposición

Manuela García Freire, portavoz do BNG, comproba que a data do 24 de xuño xa está como festividade autonómica.

Prodúcese un breve debate no transcurso do cal valóranse diferentes posibilidades e acordándose finalmente fixar o martes de entroido e o 31 de outubro, luns, véspera de Todos os Santos.

4.-Mocións (15' 40")

A continuación dáse conta da seguinte moción:

A/ Escrito con número de RE 1067 de data 04-07-2015 presentado polo grupo municipal do BNG, denominada "Moción en defensa do sector lácteo" (15' 40")

A continuación dáse conta do Escrito con número de RE 1067 de data 04-07-2015 presentado polo grupo municipal do BNG, denominada "Moción en defensa do sector lácteo", o cal incluíase na documentación remitida xunto á convocatoria da sesión, que se unirá como **anexo ao presente acordo e anexo I** á acta do presente pleno.

Toma a palabra a portavoz do BNG Manuela García Freire, quen a le na súa totalidade, incluíndo a proposta de acordo que é a seguinte:

- 1. O concello de Vilasantar comprométese firmemente coa defensa do sector lácteo, co dereito a producir dos e das gandeiras e coa garantía dos prezos de orixe xustos, para o cal adoptará posicións e demandas públicas contundentes na construción destes obxectivos, situándose do lado do sector produtor asumindo as súas demandas nesta crítica situación.*
- 2. Instar ao goberno galego e ao goberno do estado a fin de que a través de todos os mecanismos de que dispoñan apremen ás industrias e aos primeiros compradores a garantir a recollida de todo o leite que se produza nas explotacións galegas.*
- 3. Instar ao goberno galego a que garanta a percepción dun prezo do leite en orixe xusto e que cubra os gastos de produción para o cal se adoptarán as seguintes medidas:*
 - a) Crear un instrumento interprofesional de negociación e decisión coa participación do sector produtor, industria e distribución, actuando a administración coma mediadora e catalizadora de acordos e velando polo cumprimento destes.*
 - b) Estabelecer, nese ámbito, os criterios e indicadores sobre os que debe construírse a cadea de*



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

valor do leite, e, por tanto, o prezo a percibir polos produtores e produtoras que, en ningún caso, poderá ser inferior ao de produción, así como os mecanismos para garantir a recollida da produción.

c) Reclamar a modificación do Real decreto 125/2015 coa finalidade de introducir mecanismos que garantan a posibilidade real de negociación entre produtores e industrias das condicións contractuais; mecanismo de garantía de recollida de produción, así como o volume e marxe de tolerancia, así como de instrumentos de mediación e vixilancia de cumprimento das condicións de negociación e cumprimentos contractuais.

4. Urxir ao goberno galego a que realice unha campaña de inspección no ámbito das súas competencias, e instar ao estado a que faga o propio no ámbitos das súas, para perseguir e sancionar as prácticas de dumping nas grandes áreas de distribución, evitando a banalización do leite e a súa utilización como elemento de reclamo mediante a súa venda a perdas.

A continuación fai unha referencia á pancarta que hai na sede do concello polo que entende que a equipa de goberno está de acordo co contido da moción.

O alcalde fai unha referencia a actuación do concello dende o estoupido da crise que xa vén de atrás, pero que se agrava dende o correo da cooperativa Coba de Vales, que foi sempre de apoio ao sector e manifestando que o seu grupo está de acordo coa moción.

Finalmente a moción é sometida a votación sendo aprobada por unanimidade dos asistentes.

7.- Rogos e Preguntas (23' 03")

A/ Farolas en Présaras (22' 51")

Manuela García Freire, portavoz do BNG, indica que xa viu que se arranxaron, onte á noite, algunhas das farolas de Présaras que alumeaban mal. Estivemos bastante tempo sen ningún tipo de luz, pregunta a que se debeu o atraso e se xa se cambiaron as bombillas para cumprir co mínimo legal.

O alcalde contesta que as farolas de Présaras, as fernandinas, corresponden a unha obra feita con subvención pola empresa Efigal Norte. Xa dende que nos decatamos queixámonos á empresa e ao Inega, e estes fixeron unha inspección comprobándose que algunhas farolas non cumprían coas prescricións do proxecto por problemas de humidade. O problema non se manifestou só en Vilasantar, senón en varios concellos máis. Aínda está en garantía pero o problema é que a empresa subministradora causante do problema ten a sede en Murcia e está de vacacións, así que obrigamos á empresa Efigal a repor as bombillas estropeadas.

En setembro imos cambiar definitivamente todas as 62 farolas fernandinas, que é o que falta. Hai un compromiso por parte das empresas. Remata confirmando que neste momento hai luz en todas as farolas.

B/ Plan de axuste tutelados pola Xunta de Galiza (26' 58")



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

Manuela García Freire, portavoz do BNG, indica que leu na prensa que o concello de Vilasantar ía ser tutelado pola Xunta de Galiza, preguntando que hai de certo e que significa.

O alcalde contesta que el tamén leu a nota na prensa. Explica que este concello depende moito das subvencións e que non nos damos autofinanciado, que temos pouca zona urbana e industrial, que tivemos que subir taxas e impostos e executar unha política de aforro, pero que a situación segue a ser complicada.

Continúa indicando que teremos que aprobar outro Plan económico financeiro e confirma que xa demos traslado á deputación e a Xunta desta situación. Reducimos no posíbel os gastos superfluos e temos moito gasto de persoal.

Manuela García Freire comenta que o último PEF non se cumpriu e denuncia que se fan obras cando a partida de investimentos está a cero, por aplicación do propio PEF e insiste na pregunta de que significa ser tutelados pola Xunta de Galiza, contestando o alcalde que non teñen constancia de que vaia a haber ningunha tutela, o único que hai é unha noticia nun xornal.

C/ Sumidoiros en Sesmonde (31' 27")

Manuela García Freire, portavoz do BNG, pregunta pola obra de enganche de sumidoiros na zona de Sesmonde.

O alcalde contesta que foi unha obra conxunta co concello de Curtis que comprendía o amaño da estrada, beirarrúas e tamén instalación de sumidoiros para algúns veciños limítrofes con Curtis e a maiores deixouse preparado para enganchar o maior número de vivendas para eses sumidoiros e foi feita por un palista e persoal do concello.

Manuela García Freire pregunta se o persoal do concello contratouse para realizar este tipo de obras, pois entende que é unha obra nova e non de mantemento.

O alcalde contesta que consideramos que era unha obra boa para os veciños, ao que responde a portavoz do BNG que hai que respectar a legalidade pois non hai cartos para obras novas, ao que contesta o alcalde que é sabido que o presidente da deputación vai cambiar os criterios das subvencións e que aínda teñen subvencións pendentes de xustificar, respondendo Manuela García Freire que se fan previsións que despois non se poden cumprir.

D/ Subvención de 300,00 euros por neno (36' 29")

Manuela García Freire, portavoz do BNG, comenta que leu nun xornal que o alcalde do concello de Vilasantar di que ía subvencionar con 300,00 € a cada neno do concello que naza, contestando o alcalde que ese xornal di o que quere, que tamén di no mesmo artigo que hai programa de madrugadores e non é certo, é unha previsión para o vindeiro exercicio, e os madrugadores a partir de outubro. Esa nota de prensa ten moitos erros.

E/ Rumores sobre o Cefae (38' 29")



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

Manuela García Freire, portavoz do BNG, comenta que hai rumores sobre o que pretende facer o grupo de goberno local co Cefae e pregunta que hai de certo. Un sobre un centro de ocio e outro sobre toxicómanos.

O alcalde contesta que todo o que se faga vai ser legal, non como se fixo hai catro anos que se actuou con fraude de lei. Imos sacar o Cefae a licitación, estase preparando o expediente pola Universidade de Vigo.

Os rumores parece que din que unha das empresas que se vai presentar é unha empresa de discapacitados e que xa ten falado con nós e presentado un pequeno proxecto no concello. Outro é o cura de Curtis, que ten un proxecto en Mesía para xente desempregada e que tamén lle interesaría o Cefae. Calquera empresa que queira xestionar o Cefae terá que se presentar á licitación.

Manuela García Freire, portavoz do BNG, contesta ás alusión do alcalde sobre o fraude lei no anterior contrato, indicando que o Consello consultivo é nada máis que consultivo e limitouse a informar e que se houbese un fraude de lei vostedes teríadelo que ter denunciado. Que o certo é que nestes catro anos a equipa de goberno non fixo nada, que é incríbel que o Cefae non estea dando beneficios.

O alcalde contesta que non e doado de xestionar e menos neste momento de crise e agradece aos que están coidando da escola nestes momentos.


Manuela García Freire, comenta que neste momento hai gastos e non hai beneficios, non pode seguir así.

E/ Forma de pago da taxa de sumidoiros dos veciños que se van servir a través do concello de Curtis (43' 02")

Manuela García Freire, portavoz do BNG, pregunta por cal vai ser a forma de pago da taxa de sumidoiros dos veciños que se van servir a través do concello de Curtis, contestando o alcalde que hai un convenio co concello de Curtis no que está recollido a forma de pago.

Manuela García Freire, pregunta se o alcalde xa mirou os problemas de legalidade, en concepto de que se lles vai cobrar, contestando o alcalde que, de certo, a ordenanza de sumidoiros, e tamén a de auga, é moi deficiente, como xa ten falado co secretario, indicando, o alcalde, que o convenio con Curtis está avalado polo secretario, preguntando Manuela García Freire como se lles cobra aos veciños, contestando o alcalde que a obra aínda non está recibida.

E non habendo máis asuntos a tratar o Sr. presidente levantou a sesión sendo as trece horas e cincuenta e cinco minutos (duración de 46' 55"), do que eu, secretario, do

Asdo.  Fernando Pérez Fernández
alcalde
Vilasantar (A Coruña)

Asdo.  Afonso Bieito Lorenzo Penela.



GOBIERNO GALEGO
PARLAMENTO XERAL

4 XUL 2015

ENTRADA N.º

CONCELLO VILASANTAR
Entrada
N.º 201500000001067

MOCIÓN EN DEFENSA DO SECTOR LÁCTEO GALEGO

ANEXO I

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación do sector lácteo en Galiza a día de hoxe pódese cualificar de dramática. Após o inicio desta campaña, a primeira logo da desaparición das cotas lácteas e en que a produción fica totalmente liberalizada, a situación en Galiza estase volvendo absolutamente insostíbel para as explotacións.

A ausencia de adopción de medidas e de decisións políticas por parte do Goberno Galego e do Estado para preparar ao sector para poder competir neste novo escenario está provocando consecuencias desastrosas.

Levamos varios meses de caídas continuadas dos prezos en orixe que obrigan ás explotacións a vender o seu produto por debaixo dos custes de produción e afrontando importantes perdas. Esta situación deriva da nula capacidade de negociación para os e as gandeiros que se ven sometidas aos ditados das grandes multinacionais da industria que, como xa denunciou mesmo o Tribunal da Competencia, estableceron un complot para provocar esa baixada de prezos, sen que o Goberno mova un dedo para defender o sector ou protexelo ante esa situación.

Esta práctica ten consecuencias especialmente graves en Galiza, onde actualmente xa se están asinando contratos por debaixo dos 20 céntimos.

Por outra banda, xa desde o Bloque Nacionalista Galego, vimos denunciando desde hai meses que, coa liberalización do sector, na práctica as industrias son as que establecen agora as novas cotas á produción, deixando totalmente desvalido o sector produtor. Así, mentres no resto do Estado español e da Unión Europea se está a incrementar a produción, en Galiza estanse establecendo mecanismos de restrición. As industrias son as que determinan, canto, cando e onde se pode producir leite. Esta dinámica vese ademais reforzada pola falta de acción e intervención dos gobernos galego e estatal, que fican impasíbeis a pesar da gravidade da situación que pode condicionar non só o presente do sector, senón o seu futuro e viabilidade a longo prazo.

As consecuencias máis graves deste feito comezáronse a percibir de forma máis estendida nos últimos días. Tanto algunha industria como algúns primeiros compradores deciden unilateralmente, sen previo aviso e incumprindo os contratos asinados, que deixan leite sen recoller nas explotacións. Isto provoca, obviamente, unha situación terrible por tratarse dun produto perecedeiro que está obrigando, en moitos casos a tirar o leite, xa que existen mesmo dificultades para atopar quen llelo recolla case que "regalado".

De se manter esta situación durante máis días pode acabar por ser irreversible para moitas explotacións que, en moitos casos, levan meses botando man dos aforros para poderen manter a produción neste contexto de prezos.


O sector lácteo é a columna vertebral da economía rural, mesmo da persistencia de vida no rural en moitas comarcas. Non podemos consentir que peche nin unha explotación máis.

Non podemos seguir agardando, vendo como se esfarela un sector punteiro e viábel, sen que se tomen decisións urxentes para atallar a situación.

Por estas razóns o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo pleno do Concello esta moción propoñendo a adopción dos seguintes acordos:

1. O Concello de Vilasantar comprométese firmemente coa defensa do sector lácteo, co dereito a producir dos e das gandeiras e coa garantía de prezos en orixe xustos, para o cal adoptará posicións e demandas públicas contundentes na consecución destes obxectivos, situándose do lado do sector produtor asumindo as súas demandas nesta crítica situación.
2. Instar ao Goberno Galego e ao Goberno do Estado a fin de que a través de todos os mecanismos de que dispoñan apremen ás industrias e aos primeiros compradores a garantir a recollida de todo o leite que se produza nas explotacións galegas.
3. Instar ao Goberno Galego a que garanta a percepción dun prezo do leite en orixe xusto e que cubra os gastos de produción para o cal se adoptarán as seguintes medidas:
 - a) Crear un instrumento interprofesional de negociación e decisión coa participación do sector produtor, industria e distribución, actuando a administración como mediadora e catalizadora de acordos e velando polo cumprimento destes.
 - b) Estabelecer, nese ámbito, os criterios e indicadores sobre os que debe construírse a cadea de valor do leite e, por tanto, o prezo a percibir polos produtores e produtoras que, en ningún caso, poderá ser inferior ao de produción, así como os mecanismos para garantir a recollida da produción.
 - c) Reclamar a modificación do Real decreto 125/2015 coa finalidade de introducir mecanismos que garantan a posibilidade real de negociación entre produtores e industrias das condicións contractuais, mecanismos de garantía de recollida de produción, así como do volume e marxe de tolerancia, así como de instrumentos de mediación e vixilancia de cumprimento das condicións de negociación e cumprimentos contractuais.
4. Urxir ao Goberno Galego a que realice unha campaña de inspección no ámbito das súas competencias, e instar ao Estado a que faga o propio no ámbito das súas, para perseguir e sancionar as prácticas de *dumping* nas grandes áreas de distribución evitando a banalización do leite e a súa utilización como elemento de reclamo mediante a súa venda a perdas.

Vilasantar, 30 de xuño de 2015



Asdo: Manuela García Freire